



ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DE CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Modificación da Ordenanza municipal de Prevención de incendios forestais e reguladora da xestión de biomasa e distancias das plantacións, modificación dos artigos 7 8 e 9 da Ordenanza, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de quince días a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	<i>Datas e distancias das especies a limpar</i>
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	<i>Adaptación a Lei 3/2007</i>
Obxectivos da norma	<i>Adaptarse a Lei 3/2007</i>

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE